

Modalidade de contrato e colectivo	CONTÍA ANUAL DAS BONIFICACIÓNS)				Duración	Normativa	
	**(SON CONTÍAS MÁXIMAS POR XORNADA COMPLETA)						
<p>Contrato indefinido inicial (persoas inscritas como demandantes de emprego; ou con xornada laboral noutra empresa inferior á 1/3)</p> <p>Conversión a indefinidos de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Contratos temporais de fomento de emprego • Contratos en prácticas • Contratos formación e aprendizaxe nas empresas ordinarias 		Discapacidade		Especiais dificultades de inserción *		<p>Contrato indefinido durante a vixencia do contrato.</p> <p>Conversión durante a vixencia do contrato</p>	<p>Lei 43/2006, de 29 de decembro (BOE nº 312 do 30/12/2006)</p> <p>RD 1451/1983, de 11 de maio (BOE nº 133, de 04/06/1983)</p>
		Menores de 45 anos	Homes	Mulleres	Homes		
	4500€/ano 375 €/mes		5.350 €/ano 445,83 €/mes	5.100 €/ano 425 €/mes	5.950 €/ano 495,83 €/mes		
	Maiores de 45 anos	5.700 €/ano 475 €/mes		6.300 €/ano 525 €/mes			
<p>Contrato temporal de fomento de emprego (duración entre 1 a 3 anos) (persoas inscritas como demandantes de emprego).</p>		Discapacidade		Especiais dificultades de inserción laboral *		Durante a vixencia do contrato	
		Menores de 45 anos	Homes	Mulleres	Homes		Mulleres
	3.500 €/ano 291,67 €/mes		4.100 €/ano 341,67 €/mes	4.100 €/ano 341,67 €/mes	4.700 €/ano 391,67 €/mes		
	Maiores de 45 anos	4.100 €/ano 341,67 €/mes	4.700 €/ano 391,67 €/mes	4.700 €/ano 391,67 €/mes	5.300 €/ano 441,67 €/mes		

Persoas con discapacidade: as que teñen recoñecido un grao de discapacidade do 33% ou superior .
Especiais dificultades de inserción laboral * Considéranse como tales, ás persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou intelectual cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%)

BONIFICACIONES Á SEGURIDADE SOCIAL- LEI 43/2006

- ✓ Regula a bonificación de contratos indefinidos, a tempo completo ou parcial, e fixos discontinuos.
- ✓ As persoas teñen que estar inscritas no momento da contratación como demandantes de emprego (agás no caso de conversión de temporal a indefinido, que terá que comunicarse ao SEPE. Están incluídas nesta convocatoria persoas que traballan noutra empresa, sempre que a súa xornada sexa inferior a 1/3 da xornada ordinaria a tempo completo comparable.
- ✓ As persoas traballadoras teñen que ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- ✓ As bonificacións son descontos no importe a aboar das cotas á seguridade social que se aplican de xeito automático ao formalizar a alta da persoa traballadora na Tesourería. A contía a pagar por seguros sociais dependerá do tipo de contrato, xornada e característica da persoa contratada.
- ✓ Os importes son importes máximos para a contratación a xornada completa.
- ✓ Nos contratos indefinidos a tempo parcial, a bonificación incrementarase nun 30%, sen que en ningún caso poida superar o 100% da contía prevista.

REQUISITOS

- ✓ Estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- ✓ Non poderán contratar as empresas que extinguisen relacións laborais por despedimento recoñecido, improcedente, ou colectivo de contratos bonificados. Nese caso quedan excluídas durante 12 meses.

EXCLUSIÓNS RESPECTO DA PERSOA TRABALLADORA

- ✓ Non se bonificarán contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos últimos 24 meses anteriores á data de contratación, houberan traballado na mesma empresa, grupo de empresas ou entidade mediante un contrato indefinido. Non se aplica esta exclusión en caso de persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción.

- ✓ Cando se trate de persoas traballadoras que finalizaran a súa relación laboral de carácter indefinido noutra empresa, non se poderá realizar un contrato bonificado ata que pasen 3 meses dende a finalización indefinida anterior, agás que a finalización do contrato sexa por despedimento recoñecido, improcedente ou colectivo. Non se aplicará esta exclusión se a persoa procede dun CEE (sexa incorporación ou retorno), ou se é para incorporarse a unha empresa ordinaria por parte de persoas traballadoras de programas de emprego con apoio. Non se aplica esta exclusión en caso de persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción.

MANTEMENTO DAS BONIFICACIÓNS

Durante a vixencia do contrato.

- ✓ Se o contrato fora a tempo parcial e logo transformado a tempo completo ou viceversa, non se perderán as bonificacións, percibiranse segundo o tipo de contrato sen que supoña un novo período de bonificación.
- ✓ En caso de CONTRATO INDEFINIDO- mantemento do posto 3 anos.
- ✓ En caso de CESE VOLUNTARIO, DESPEDIMENTO PROCEDENTE OU EXTINCIÓN RELACIÓN LABORAL POR CAUSAS OBXECTIVAS terá que substituírse por outra persoa con discapacidade.

PERSOAS BENEIFICARIAS QUE PODEN ACOLLERSE ÁS BONIFICACIÓNS: empresas, autónomos, sociedades laborais e cooperativas.

Exentos: Administracións, entidades locais e organismos públicos.